



Alba Castro, José Luis  
 Albo López, M<sup>a</sup> Elena  
 Alfonso Pallarés, Miguel Ángel  
 Alonso Carrera, Jaime  
 Alonso Castro, Inés  
 Alonso Escontrela, M<sup>a</sup> Luisa  
 Álvarez Rodríguez, Rosana  
 Álvarez Sánchez, Susana  
 Álvarez Villamarín, José C.  
 Anaya Revuelta, Inmaculada  
 Andión Rodríguez, M<sup>a</sup> Nuria  
 Arévalo Tomé, Raquel  
 Arias Acuña, Alberto Marcos  
 Arias Fernández, M<sup>a</sup> Cristina  
 Badaoui Fernández, Aida  
 Báez Montero, Inmaculada.C.  
 Barajas Alonso, Ángel A.  
 Barcía Rodríguez, Ignacio  
 Barral Puga, Bastián  
 Barreiro Alonso, Enrique  
 Benitez González, Julio  
 Bermúdez Couso, Alipio  
 Bernal Gómez, Rosa  
 Blanco García, Jesús  
 Blanco Pesqueira, Antonia  
 Botana Ferreiro, Francisco Ramón  
 Brea Castro, Millán  
 Bueno Alonso, Jorge Luis  
 Buxan Bran, Xose Manuel  
 Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> Carmen  
 Calvo Mallo, Iria  
 Calvo Rapado, José M<sup>a</sup>  
 Carballo-Calero Ramos, M<sup>a</sup> Victoria  
 Castro Betancor, Oscar  
 Castro Buerguer, Iago  
 Castro Fernández, Lucía  
 Castro Rodríguez, Fidel  
 Cebro Rodríguez, Juan M.  
 Chamorro Rivas, José María  
 Cid Fernández, Xose Manuel  
 Cid Sabucedo, Alfonso

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 9 de abril de dous mil tres, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O mércores, **día 9 de abril de 2003**, ás 10:30 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

**Punto 1:** Debate e votación das emendas presentadas ó Anteproxecto de Estatutos.

**Punto 2:** Votación final do Proxecto de Estatutos.

O Rector informa en primeiro lugar dos acordos da Mesa sobre o desenvolvemento da sesión:

-Darase a palabra a un dos asinantes para defender a emenda.

-A continuación intervirá o Rector en defensa do texto.

-En caso de haber transaccións, deixarase un tempo para a elaboración da nova redacción e votaranse todas xuntas o reinicio da sesión, ás 16:00 horas. En caso de afectar ós artigos seguintes farase a votación no momento que lle corresponda.

-En caso de solicitar votación secreta para algunha emenda farase o reinicio da sesión, agás no caso que afecte ós artigos seguintes

-A sesión rematará ás 14:00 horas para retornar ás 16:00 horas.

- Hai unha moción presentada sobre a guerra en Irak que se debatirá o xoves, día 10, ó comezo da sesión e para hoxe pide gardar un minuto de silencio por tódalas vítimas producidas polo conflito bélico en Irak.

Gárdase un minuto de silencio.

Pide a palabra o Sr. Gómez Durán por unha cuestión de orde e plantexa a posibilidade de suspender a sesión do xoves, día 10, por estar convocada unha folga xeral para ese día.

O Rector di que esa moción non afecta ó desenvolvemento do Claustro no día de hoxe e que se poderá tratar nalgún momento ó longo da sesión.

A continuación comeza o debate das emendas.

Cid Samamed, Antonio  
 Cifuentes García, Ángel  
 Constenla Bergueiro, Gonzalo  
 Corbacho Rosas, Eusebio  
 Corbacho Suso, Patricia  
 Costa González, Paula  
 Costas González, Xosé Enrique  
 De La Montaña Miguelez, Julia  
 De La Torre Fraga, Daniel  
 De Oca Cancela, Guillermo  
 De Vicente Remesal Javier  
 Deaño Deaño, Manuel  
 Díaz De Bustamante, Jaime  
 Docampo Amoedo, Domingo  
 Doforno Cid, Ana Belén  
 Domínguez Castro, Luis  
 Domínguez Santiago, M<sup>a</sup> Ángeles  
 Durany Castrillo, José  
 Eire Fernández, Marcos  
 Estévez Toranzo, Margarita  
 Fariñas Valiña, Iago  
 Fernández Casas, Luis  
 Fernández Fernández, Federico  
 Fernández Iglesias, Manuel José  
 Fernández López, Roberto Ignacio  
 Fernández López, Francisco J.  
 Fernández Sobrino, Ramón A.  
 Filgueira Pérez, Ángeles  
 Fomeiro Álvarez, Ramón M<sup>a</sup>  
 Fraiz Brea, José Antonio  
 Gallego Veigas, Pedro  
 Galvez Ameijide, Luis Miguel  
 Galvez Galvez, Juan Francisco  
 García Cutrín, Francisco J.  
 García Masegosa, Antonio  
 García Paz, Francisco Javier  
 García Pino, Antonio  
 García Vázquez, José Manuel  
 Garrido Bernárdez, Rubén  
 Garrido González, Josefa  
 Garrido Suárez, Carlos  
 Gil Martín, Emilio  
 Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>  
 Gómez Durán, Artur

## Artigo 1

Hai dúas emendas de adición idénticas.

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez)
- Emenda ( profesora Luna Alonso)

Defende a profesora Luna e propón a adición de dous epígrafes. Considera moi importante que exista un compromiso dentro da Universidade para promover políticas activas de igualdade e promoción social e propón que se garanta usos lingüísticos non sexistas.

O Rector di que o artigo 1 fai relación a temas fundamentais e débese impedir calquera tipo de discriminación polo que formular unha delas en particular pode parecer que se discrimina as demais, por este motivo non lle parece procedente engadir o 2º epígrafe da emenda. En relación co 1º epígrafe propón incluílo no artigo 3.

Acéptase a transación engadindo ó final do artigo 3: “...e promover políticas activas de igualdade e promoción social”.

## Artigo 2

- Emenda (profesor Mato)

O profesor Mato di que o grupo Alternativa Universitaria que defende o texto, presenta unha serie de emendas técnicas e outras de modificación e/ou adición que intentan recoller algunhas inquiredanzas manifestadas no Claustro no que se aprobou o anteproxecto. No artigo 2, propón deixar claro que o eido da creación artística ten tanta importancia como os outros.

O Rector propón aprobala por asentimento.

Acéptase por asentimento.

## Artigo 3

- Emenda (Sr. Torres Vázquez)
- Emenda (profesora Luna Alonso)

As dúas emendas son iguais. A profesora Luna Alonso propón engadir a frase “ do seu medio natural e ecolóxico” xa que se está a falar do propio espazo no que se asenta fisicamente á institución.

Gómez Gude, Jorge Juan  
 Gómez Reboiro, José Luis  
 González Álvarez, Dolores  
 González Canabal, Diego  
 González Cespón, José Luis  
 González Crespán, M<sup>a</sup> Araceli  
 González Dieguez, Horacio  
 González Novas, Roberto  
 González Pillado, Esther  
 González Piñeiro, Manuel  
 González Vázquez, Encarnación  
 Gregorio González, Benito  
 Guitián Rodríguez, Alberto  
 Gullías Sanmartín, Jesús Antonio  
 Hermida Rodríguez, Iria  
 Hernández Sánchez, Jesús  
 Hervés Beloso, Juan Pablo  
 Iglesias Galán, M<sup>a</sup> Hilda  
 Iglesias Randulfe, M<sup>a</sup> Teresa  
 Jato Rodríguez, M<sup>a</sup> Victoria  
 Labandeira Villot, Xavier  
 Lago Ferreiro, Alfonso  
 Lago Teijeiro, Juan Miguel  
 Ledo Díaz Olaia M.  
 Legido Soto, José Luis  
 Leiceaga Baltar, Xoán A.  
 Lens Leiva, Jorge  
 León Fong, Betty Mireya  
 Liz Marzán, Luis Manuel  
 Llamas Nistal, Martín  
 Loeck Fernández, Juan A.  
 López Mira, Alvaro Xosé  
 López Pérez, José  
 López Vidal, M<sup>a</sup> Del Pilar  
 López De Silanes Vázquez, M<sup>a</sup> Eugenia  
 Lorenzo Suárez, Anxo Manuel  
 Lores Ínsua, Francisco Xavier  
 Losada Álvarez, Abel Fermín  
 Luna Alonso, Ana  
 Manzanedo García, José Fernando  
 Marín Martín, Ricardo  
 Martínez Fernández, Alfonso  
 Martínez Lima, Serxio  
 Martínez Rodríguez, María  
 Martínez Senra, Ana Isabel  
 Mato De La Iglesia, Salustiano  
 Mazaira Castro, Andrés  
 Meixús Filgueira, Rafael  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Méndez Martínez, Gonzalo  
 Míguez Tabarés, José Luis  
 Mollinedo Lois, Carlos  
 Nombela Castaño, Miguel Ángel  
 Ogando Blanco, Alicia Tamara  
 Otero Camiña, José Luciano  
 Pajares Domínguez, Sergio  
 Palacio Sánchez, Xosé Antón  
 Palanca González, Mercedes  
 Pastrana Castro, Lorenzo Miguel  
 Pazó Martínez, M<sup>a</sup> Consuelo

O Rector propón unha transación que consiste en engadir “ e do seu medio natural”.

Acéptase por asentimento esta transación e xunto coa aprobada no artigo 1, queda o artigo 3 aprobado coas dúas modificacións sinaladas.

#### Artigo 4

Hai tres emendas, asinadas pola profesora Luna Alonso, o Sr Cebro e ó profesor Mato respectivamente, nas que se propón substituír todo o texto do artigo, e unha 4<sup>a</sup> emenda asinada polo Sr. Torres Vázquez que afecta a varios apartados.

O Sr. Cebro retirará a súa emenda por coincidir coa da profesora Luna Alonso.

Defende en primeiro lugar a profesora Luna Alonso, explica que se pretende establecer un marco de acción recoñecido na lexislación vixente que teña como obxectivo a normalización lingüística na nosa institución.

A continuación o profesor Lorenzo Suárez defende a emenda asinada en primeiro lugar polo profesor Mato. Sinala que se pretende resumir en dous apartados o sustancial respecto a lingua galega e que coa redacción proposta non se pecha ningún tipo de iniciativa ou de política lingüística activa.

O Sr. Cebro defende a última emenda asinada en primeiro lugar polo Sr. Torres Vázquez, retira os apartados 4.1, 4.2 e 4.7 e mantén o apartado 4.6. Propón facer unha transación coa emenda asinada pola profesora Luna Alonso substituíndo o apartado 4.6 desa emenda polo 4.6 desta última emenda.

Os asinantes de ambas emendas aceptan a transación.

A profesora Luna Alonso pide votación secreta.

Intervén o profesor Durany por unha cuestión de orde, para sinalar que non está de acordo coa votación secreta xa que cre non hai motivos para ocultar o voto.

Peleteiro Salgado, José  
 Pequeño González, Tatiana  
 Pérez Figueroa, Andrés  
 Pérez Gómez, Luis  
 Pérez Guerra, Javier  
 Pérez Gulías, Anita  
 Pérez López, Serafin A.  
 Pérez Rodríguez, Francisco Javier  
 Pérez Teijeiro, José M.  
 Piedracoba Varela, Silvia  
 Pita Grandal, Ana M<sup>a</sup>  
 Pose Blanco, José  
 Pou Saracho, Juan María  
 Prada Blanco, Albino  
 Prado Prado, José Carlos  
 Ramos Cabrer, Manuel  
 Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
 Rey García, Daniel  
 Rey Losada, Francisco Jesús  
 Rey Moure, Rut Yolanda  
 Rivas Conde, Filemón  
 Rodeiro Iglesias, Javier  
 Rodríguez Álvarez, Ángela  
 Rodríguez Fuentes, Gustavo  
 Rodríguez González, Roberto  
 Rodríguez Piñeiro, Rebeca  
 Rodríguez Seoane, María Pilar  
 Sánchez Bermúdez, Ángel  
 Sancho Carneiro, Daniel  
 Sanromán Braga, María De Los Ángeles  
 Santalla Del Río, Verónica  
 Santos García, José Santiago  
 Seoane Pampin-Montenegro, Anselmo  
 Simal Gándara, Jesús  
 Soengas Fernández, José Luis  
 Suárez Pazos, Mercedes  
 Surís Regueiro, Juan C.  
 Taboada Castro, Javier  
 Tojo Suárez, M<sup>a</sup> De La Concepción  
 Tojo Suárez, José E.  
 Tomás Vizcaíno, Guillermo  
 Torres López, Silvia  
 Troncoso Durán, Dolores  
 Tugores Martorell, Francisco  
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique  
 Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
 Vasallo Barrueco, Alberto  
 Vázquez Alejos, Ana  
 Vázquez Gestal, Monserrat  
 Vázquez López, Ezequiel M.  
 Vázquez Nuñez, Fernando Antonio  
 Vázquez Santos, Cristina  
 Veloso Fernández, Óscar  
 Vera Isasa, María  
 Vila Alonso, Mercedes  
 Vilas Martín, Federico  
 Viso Alonso, Augusto  
 Villaverde Creo, Miguel Anxo  
 DESCULPA ASISTENCIA  
 Álvarez Moreira, José Ángel

O Rector indica que o regulamento de réxime interno do Claustro no artigo 17.2 di que as votacións serán secretas cando o soliciten polo menos 10 claustrais.

A profesor Luna Alonso mantén a solicitude de votación secreta.

#### Votación:

- votos a favor do texto	21
- votos a favor da emenda asinada pola profesora Luna Alonso coa modificación sinalada (emenda nº 1)	35
- votos a favor da emenda asinada polo profesor Mato (emenda nº 2)	72

Segundo este resultado a emenda nº 2 ten maioría absoluta polo que non é necesaria unha segunda votación.

Queda aprobada a emenda asinada polo profesor Mato.

#### Artigo 6

Hai dúas emendas

- Emenda (T) ( profesor Mato)
- Emenda técnica. Acéptase por asentimento.
- Emenda (A) (profesor Mato)

Defende a emenda a profesora Baez. Di que ésta, xunto coas presentadas ós artigos 81 e 100, inciden no mesmo aspecto de potenciar os servicios asistenciais para todo o persoal da Universidade.

Apróbase por asentimento.

#### Artigo 11

-Emenda 11.3 ( Sr. Torres Vázquez)

Defende o Sr. Cebro sinalando que vai no mesmo sentido que as presentadas ó artigo 35 que é de darlle máis competencias o Claustro. Di que a LRU daba preponderancia ó Claustro sobre a Xunta de Goberno e a LOU cambia o sentido e dá prioridade o Consello de Goberno sobre o Claustro, por iso propón potenciar o Claustro.

O Rector defende o texto xa que considera que esta é unha cuestión non negociable.

#### Votación:

- votos a favor do texto	78
- votos a favor da emenda	46

- votos en branco 0

Rexeitase a emenda.

### **Artigo 13**

- Emenda 13.a ( Sr. Torres Vázquez)
- Emenda 13.a ( Sr. Gómez Durán)
- Emenda 13.a ( profesor Mato)

As tres son iguais polo que o Rector propón aprobala por asentimento.

Acéptase por asentimento.

### **Artigo 14**

- Emenda 14.1 ( Sr. Torres Vázquez)

Defende a Sra. Palanca indicando que trátase de darlle máis funcións ó Claustro.

O Rector mantén o texto.

Votación:

- votos a favor do texto 72
- votos a favor da emenda 47
- votos en branco 0

Queda rexeitada a emenda.

### **Artigo 16**

- Emenda ( profesor Mato). Emenda técnica. Acéptase por asentimento.

### **Artigo 17**

- Emenda ( profesor Mato). Emenda técnica. Acéptase por asentimento.
- Emenda 17.d ( Sr. Torres Vázquez). Retírase a emenda.

### **Artigo 22 bis**

- Emenda ( Sr.Torres Vázquez)

Defende o Sr. Cebro, trátase da inclusión dun novo artigo para incidir na supremacía dos órganos colexiados sobre os unipersoais.

O Rector di que non se pode incluír un artigo que vaia en contraposición a unha lei superior.

Votación:

- votos a favor de non engadir o artigo 63

- votos a favor da emenda	52
- votos en branco	0

Rexeitase a emenda

### **Artigo 29**

- Emenda ( profesor Mato).Aprobase por asentimento.

### **Artigo 30**

Emenda 30.c ( Sr Torres Vázquez)

Defende a Sra. Palanca en base á importancia de que tanto a aprobación do orzamento como da programación plurianual, sexa asumida polo Claustro.

O Rector sinala que o importante é que cada decisión se tome no órgano colexiado apropiado e considera que no Claustro é onde se deben debatir as liñas xerais e estratéxicas para a Universidade:

Votación:	
Votos a favor do texto	76
Votos a favor da emenda	56
Votos en branco	0

Rexeitase a emenda.

### **Artigo 31**

-Emenda ( Sr. Torres Vázquez)

Defende o Sr Cebro indicando que vai na liña de dar máis funcións ó Claustro.

Votación:	
- votos a favor do texto	69
- votos a favor da emenda	60
- votos en branco	3

Rexeitase a emenda

### **Artigo 32**

- Emenda (profesor Rodríguez Fuentes)

O profesor Rodríguez Fuentes defende o aumento da porcentaxe para o sector B na composición do Claustro xa que considera que se lle debe dar a representación que lle corresponde.

- Emenda ( profesora Vera Isasa)

Defende a profesora Vera Isasa en nome da AGPTU, di que o PDI é o que ten que render contas á universidade nas súas actividades docentes e investigadoras, pide coherencia co contido dos estatutos doutras universidades e por iso propón un aumento da representación para este sector no Claustro. Sinala que non apoiarán ningunha emenda na que se propoña facer novas eleccións unha vez aprobados estes estatutos.

Solicita votación secreta.

O profesor Rodríguez Fuentes retira a súa emenda .

Votación:

- votos a favor do texto	114
- votos a favor da emenda	44
- votos en branco	1
- votos nulos:	2

Rexeitase a emenda.

### **Artigo 35**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez )

Defende a Sra. Palanca e di que segue mantendo a postura de dar máis funcións ó Claustro.

- Emenda ( profesor Mato)

O profesor Mato aclara que dende o grupo de Alternativa Universitaria considérase ó Claustro como ó máximo órgano legislativo, de representación e control da Comunidade Universitaria e non por escribir máis e engadir máis apartados se lle confiren máis competencias. Considera que este debate xa se deu no derradeiro claustro e os claustrais elixiron o texto que se presenta hoxe. Propón desdoblar o apartado d) en dous.

O Rector indica que esta última emenda pódese considerar como unha corrección do apartado d) do texto e asume a emenda en lugar do texto.

Votación:

- votos a favor do texto máis o engadido do profesor Mato	101
- votos a favor da emenda do Sr. Torres vázquez	45
- votos en branco	0

Queda aprobado o texto máis o engadido da emenda do profesor Mato.

### **Artigo 37**

-Emenda ( Sr. Torres Vázquez). Retírase a emenda.

- Emenda ( Profesora Vera Isasa )

A profesora Vera Isasa di que propón unha modificación do apartado d) para que quede claro que se reflexa a composición do claustro, e así mesmo engadir un apartado que inclúa a representación sindical tal e como figuraba nos anteriores estatutos.

- Emenda ( Sr. Barral Puga)

O Sr Barral defende un aumento da representación dos estudantes no Consello de Goberno.

- Emenda ( Sr. Pérez Gómez)

O Sr. Pérez Gómez di que a súa emenda tamén ten que ver coa filosofía anti-LOU e que “Queicoiñas” defendeu sempre que a porcentaxe de PAS fose o mesmo no Claustro e en Consello de Goberno.

Intervén o Rector sinalando que a presenza de representación sindical no Consello de Goberno xa se debatíu no Claustro no momento de facer o Regulamento de réxime interno do mesmo e ademais xa está reflectida noutros órganos colexiados.

Respecto a segunda emenda di que o grupo de Alternativa Unversitaria está disposto a defender un aumento de estudantes en Consello de Goberno polo que é sensible a emenda defendida polo Sr. Barral Puga.

Votación:

- votos a favor do texto	6
- votos a favor da emenda asinada pola profesora Vera Isasa	31
- votos a favor da emenda asinada polo Sr. Barral Puga	76
- votos a favor da emenda asinada polo Sr. Pérez Gómez	23

A emenda do Sr.Barral Puga ten a maioría absoluta polo que queda aprobada sen necesidade dunha segunda votación.

### **Artigo 39**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez). Retírase a emenda.

### **Artigo 40**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez)

Intervén o Sr. Cebro para defender que os 2 PAS representantes no Consello de Campus sexan elixidos polos claustrais dese sector e que non teñan que ser necesariamente claustrais xa que pode suceder que non existan PAS claustrais dun determinado campus.

O Rector di que non lle parece probable que isto ocorra .

Votación:

-votos a favor do texto	83
-votos a favor da emenda	53
-votos en branco	1

Rexeitase a emenda.



**Artigo 42**

- Emenda ( profesor Barajas )

O Rector di que esta emenda pode ser asumida por parte do texto e propón aprobala por asentimento.

Acéptase por asentimento.

- Emenda ( profesora Vera Isasa )

A profesora Vera Isasa insiste en que as funcións do Consello de Goberno deber ser asumidas preferentemente polo PDI por iso propón aumentar a porcentaxe dese sector.

Votación:

- votos a favor do texto coa modificación do profesor Barajas	100
- votos a favor da emenda asinada polo profesora Vera Isasa	36
- votos en branco	8

Rexéitase a emenda.

**Artigo 43**

- Emenda ( Sr. Barral Puga). Acéptase por asentimento.
- Emenda de supresión ( profesor Cid Sabucedo)

O profesor Cid di que si ben a LOU lle dá á Universidade capacidade para crear órganos de goberno para o seu goberno, nembargantes soamente pode crear os que teñen cabida na LOU. As Xuntas de Titulación figuraban nos anteriores estatutos debido o artigo 17 da LRU, pero non caben no novo marco legal ( artigo 18 da LOU ). Di que a Xunta de Centro é un órgano de goberno e non se lle pode quitar a competencia quizais máis importante como é a de elaborar os planos de estudio, e pola contra, crear un órgano colexiado para iso.

O Rector di que segundo a LOU as Universidades elaborarán os seus planos de estudio pero non hai ningún órgano colexiado asignado especificamente para esta competencia. Considera que non é extraacadémico que cando un Centro ten varias titulacións, cada titulación faga o seu plano de estudos. Non é ilegal que a Xunta de Titulación elabore unha proposta que será aprobada posteriormente no Consello de Goberno. Propón mater o texto.

Votación:

- votos a favor do texto	92
- votos a favor da emenda	35
- votos en branco	14

Rexeitase a emenda.

- Emenda ( de inclusión) ( profesor Cid Sabucedo)

O profesor Cid defende a inclusión deste parágrafo por unha cuestión de eficacia.

Votación:

- votos a favor do texto 91
- votos a favor da emenda 48
- votos en branco 5

Rexeitase a emenda.

#### **Artigo 44**

- Emenda ( profesor Cid Sabucedo)

O emendante propón a supresión deste artigo en función do expresado na emenda anterior, e en que as Xuntas de Titulación que el coñece non funcionan razoablemente ben senón que funcionan mal.

O Rector di que nos últimos catro anos non lle chegou ningunha reclamación de membros da Comunidade Universitaria en relación co mal funcionamento dalgunha Xunta de Titulación. Sinala que non procede votar a supresión do artigo 44 xa que esta condicionado polos anteriores.

#### **Artigo 45**

- Emenda ( profesora Vera Isasa)

A profesora Vera Isasa defende que sexan os estudantes de terceiro ciclo os que predominen na composición do Consello de Departamento.

- Emenda ( Sr. Barral Puga)

A Sra. Doforno sinala que a maior porcentaxe de estudantes nesta Universidade son de 1º e 2º ciclo e por iso parécelle máis xusto que sexan os que predominen no Consello de Departamento. Propón facer unha transacción.

Proponse unha transacción entre o texto e as dúas emendas na que o apartado d) queda como segue.

“Unha representación dos estudantes que constituirán o 25% do total dos membros do Consello de Departamento, sendo a metade estudantes do terceiro ciclo. En todo caso, de haber candidatos, cubriranse tódolos postos garantindo unha representación de polo menos un alumno de cada un dos centros onde imparte docencia o departamento”.

Debido o acordo non é necesario realizar votación.

#### **Artigo 46**

- Emenda ( Sr. Barral Puga)

Defende o Sr. Galvez, di que é unha emenda técnica e que debería ser asumida por todo o Claustro.

O Rector propón que se asuma por asentimento.

Acéptase por asentimento.

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez)
- Emenda (Sr. Gómez Durán)

Son a mesma emenda, defende o Sr. Gómez Durán proponendo que non existan comisións de validacións nos centros senón que sexan os Departamentos encargados de emitir dictame sobre as mesmas.

O Rector fai referencia a LOU para indicar que os que teñen máis relación con este tema son os centros, e ademais para un estudante o seu referente e o centro polo que éste debe arbitrar as medidas necesarias para unha mellor solución deste tema. Propón manter o texto.

Votación:

- |                           |    |
|---------------------------|----|
| - votos a favor do texto  | 80 |
| - votos a favor da emenda | 45 |
| - votos en branco         | 2  |

Rexeitase a emenda.

Neste punto suspendese a sesión para reanudala ás 16:00 horas.

Reanúdase a sesión ás 16:20 horas.

#### **Artigo 48**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez). Retírase a emenda.

#### **Artigo 51**

- Emenda ( profesor Mato). Apróbase por asentimento.

#### **Artigo 53**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez ). Retírase a emenda.

#### **Artigo 56**

- Emenda ( profesor Mato). Apróbase por asentimento.

#### **Artigo 57**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez). Retírase a emenda.

#### **Artigo 58**

- Emenda ( profesor Rodríguez Fuentes). Retírase a emenda.
- Emenda ( profesora Vera Isasa)

Votación:

- votos a favor do texto 91
- votos a favor da emenda 11
- votos en branco 6

Rexeitase a emenda.

### **Artigo 63**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez). Retírase a emenda.

### **Artigo 64**

- Emenda ( profesor Mato). Apróbase por asentimento

### **Artigo 65**

- Emenda ( profesor Rodríguez Fuentes)

O profesor Rodríguez Fuentes di que a emenda presentada é para evitar a indefinición do texto.

O Rector propón facer unha transacción e buscar unha formula máis de acordo co artigo 52.

Propónse a transacción seguinte para o apartado 2. “ O Decano...Centro. No caso de non haber ningún candidato que acade o apoio maioritario da Xunta de Centro, nas Escolas Universitarias e nas Escolas Universitarias Politécnicas, o director poderá ser elixido entre funcionarios dos corpos docentes universitarios non doutores ou profesores contratados doutores”

Acéptase por asentimento.

### **Artigo 66**

- Emenda ( Sr. Pérez Gómez)

O Rector di que e unha emenda asumible xa que mellora o texto.

Acéptase por asentimento.

### **Artigo 67**

- Emenda ( Sr. Barral Puga)

O Sr. Galvez sinala que se pretende engadir unha coletilla ó artigo para vincular as funcións que poidan ser reguladas desde o centro.

O Rector propón asumila por asentimento.

Acéptase por asentimento.

**Artigo 68**

- Emenda ( Sr. Gómez Durán)

O Sr. Gómez Durán propón que sexa o Administrador do Centro o fedatario do mesmo e que faga as funcións do Secretario do Centro.

O Rector di que é o Director ou Decano o que designa un secretario de entre o persoal do seu centro e o texto non impide que esa persoa sexa o administrador.

Votación:

- votos a favor do texto	110
- votos a favor da emenda	12
- votos en branco	3

Rexeitase a emenda.

**Artigo 69**

- Emenda ( profesor Mato). Acéptase por asentimento.

- Emenda ( profesor Rodríguez Fuentes)

Proponse unha transacción entre o texto, incluída a emenda anterior, e a emenda no mesmo sentido que para o artigo 65 e coa redacción seguinte,

2. No caso de non haber ningún candidato que acade o apoio maioritario do Consello de Departamento, ... etc.

**Artigo 70**

- Emenda ( Sr. Pérez Gómez). Acéptase por asentimento.

**Sección (8)**

-Emenda ( Sr. Torres Vázquez ). Retírase a emenda.

**Artigo 75 bis**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez). Retírase a emenda

**Artigo 76**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez)

Defende o Sr. Gómez Durán sinalando que a profesionalización da administración universitaria require que o xerente sexa un alto funcionario da administración. Defende un xerente que domine o Dereito Administrativo e non o Dereito mercantil.

O Rector mantén o texto e propón votar en primeiro lugar esta emenda.

Votación:

- votos a favor do texto	93
--------------------------	----

- votos a favor da emenda 22
- votos en branco 9
- votos nulos 1

Rexeitase a emenda.

- Emenda ( Sr. Pérez Gómez)

O Sr. Pérez Gómez di que o Xerente ten que ser profesional pero non ten que ir asimilado á condición de funcionario.

O Rector propón que se acepte por asentimento xa que mellora o texto.

Acéptase por asentimento.

**Artigo 76 bis** ( emenda Sr.Torres Vázquez)

**Artigo 76 bis-dos** ( emenda Sr.Torres Vázquez)

Os emendantes consideran que estás dúas emendas están reflectidas nas presentadas a continuación polo Sr. Gómez Durán polo que retiran as emendas.

- Emenda de inclusión dun artigo ( Sr. Gómez Durán)

O Sr. Gómez Durán defende a inclusión da figura do Vicexerente nos estatutos xa que considera que é un tema importante e débese impedir que nun futuro se establezan Vicexerencias sen ningún criterio.

O Rector di que ese posto non se pode crear sen unha negociación previa cos PAS por iso mantén a non inclusión desa figura no texto.

Votación:

- votos a favor da emenda 23
- votos en contra da emenda 85
- votos en branco 11
- votos nulos 1

Rexeitase a emenda.

- Emenda de inclusión dun artigo ( Sr. Gómez Durán )

Intervén o Sr. Gómez Durán de novo para indicar que a figura de Administrador de Centro foi o mellor que se conseguiu nos anteriores estatutos e por iso propón mantela xa que responde a unha maior profesionalización.

O Rector di que a mellor profesionalización e non escribir demasiado sobre ela e defende a non inclusión no texto.

Votación:

- votos a favor da emenda 26
- votos en contra da emenda 84
- votos en branco 12

Rexeitase a emenda.

### **Artigo 81**

- Emenda ( profesor Mato). Apróbase por asentimento.
- Emenda ( profesora Vera Isasa)

Proponse unha transacción co texto que consiste en engadir un apartado l) ó artigo 81 que coincide co apartado l) da emenda.

Acéptase por asentimento.

### **Artigo 83**

- Emenda ( profesor Mato)

O profesor Mato propón engadir un novo apartado c) no artigo 83.1 para incorporar ós investigadores que xurden de novos programas como son os Ramón e Cajal, etc.

- Emenda (profesora Vera Isasa)

Proponse unha transacción co texto que consiste en engadir no 83.4 a frase subliñada “... da área de coñecemento dentro ou fora da universidade ou, no seu defecto, etc...

Estas dúas emendas pasan a ser unha que se acepta por unanimidade.

Isto implica que o texto queda modificado co sinalado na emenda do profesor Mato e na transacción.

Hai outras 3 emendas que se consideran xuntas:

- Emenda ( Sra. Martín Míguez )
- Emenda ( profesora Luna Alonso)
- Emenda ( Sr. Torres Vázquez)

A Sra. Piedracoba defende a inclusión dun novo apartado no artigo 83.1 no que se inclúa o persoal investigador en formación e perfeccionamento como son os Precarios, xa que considera que é un grupo que non está definido nos estatutos. Pretende diferenciar este grupo de aquel que está integrado por estudantes de 3ºciclo e que soamente pretenden conseguir o DEA.

O Rector propón someter a votación esta parte da emenda deixando a proposta de inclusión de dous novos artigos ata chegar o artigo 141 e intentar facer unha transacción.

Votación :

- |                           |    |
|---------------------------|----|
| - votos a favor do texto  | 67 |
| - votos a favor da emenda | 46 |
| - votos en branco         | 19 |

Rexeitase a emenda.

## Artigo 97

- Emenda (profesora Vera Isasa)

A emendante propón unha modificación do artigo 97.1 xa que considera que o actual método de avaliación da docencia non contribúe a mellora da calidade da mesma e entre os obxectivos de ANECA esta a unificación dos criterios da avaliación da docencia.

Votación:

- votos a favor do texto	85
- votos a favor da emenda	36
- votos en branco	4
- votos nulos	1

Rexeitase a emenda.

- Emenda ( Sr. Barral Puga)

Defende a Sra. Doorno resaltando a importancia de que os estudantes poidan avaliar a calidade da docencia, polo que propón unha modificación do apartado 97.2

O Rector propón que no texto da emenda se substitúa “ expediente informativo” por “informe previo por parte do Rector” e pide que se aprobe por asentimento xa que significa unha mellora do texto.

Acéptase por asentimento.

## Artigo 98

- Emenda (profesor Mato)

O Rector propón asumila por asentimento pero a Sra. Corbacho pide votación:

Votación:

- votos a favor do texto	13
- votos a favor da emenda	83
- votos en branco	11

Apróbase a emenda.

## Artigo 100

- Emenda técnica ( profesor Mato)
- Emenda ( profesor Mato)
- Emenda ( Sr. Barral Puga)

Hai transacción entre estas tres emendas que consiste no seguinte.

Suprimir no apartado 1 dende ... “pola súa condición” ata “nos presentes Estatutos”...

Sustituir o texto do apartado 100.1a) polo seguinte “ Recibir unha formación integral e unha ensinanza de calidade efectiva, tanto teórica como práctica, nos termos establecidos nos planos de estudos”



Sustituir o apartado 100.1 h) polo texto do f) bis da emenda do profesor Mato.

Engadir un apartado 100.2 co seguinte texto: “ con independencia da súa aistencia ou non a clases, os estudantes gozarán de tódolos dereitos establecidos no punto anterior”.

O Rector, defensor do texto, admite a transacción e pide se asuma por asentimento.

Acéptase por asentimento. A transacción pasa a ser o texto.

- Emenda ( profesora Vera Isasa)

A profesora Vera Isasa mantén a emenda ó apartado d) do artigo xa que os outros apartados están asumidos no texto transacionado.

O Rector mantén o texto.

Votación:

A favor do texto transacionado	76 votos
A favor da emenda	21 votos
Votos en branco	3 votos
Votos nulos	1 votos

Rexeitase a emenda.

### **Artigo 101**

- Emenda ( Sr. Barral Puga)

O Sr. González Novas defende a emenda, di que esta e a seguinte van no sentido de acadar un compromiso de facer un Regulamento de exames.

O Rector propón unha transacción nos seguintes termos:

101.1 : “ Ademais das garantías recollidas no Regulamento de exames, o calendario, horario e lugar de exames oficias, tanto teóricos como prácticos...etc.

No apartado 101.2 incluír despois da palabra... exame, “ tanto teórico como práctico, coñecendo os criterios de avaliación concretos e específicos”... etc.

Votación :

- votos a favor do texto	20
- votos a favor da transacción	85
- votos en branco	5

Apróbase a transacción entre o texto e a emenda.

### **Artigo 102**

- Emenda ( Sr. Barral Puga). Apróbase por asentimento.

- Emenda ( Sr. Gómez Durán)

O Sr. Gómez Durán di que con esta emenda ó artigo 102.2 o que se intenta e garantir a axilidade na tramitación da revisión das probas así como as posibilidades de recusación do alumno e de recorrer os acordos.

O Rector propón a redacción alternativa seguinte: “No caso de que o estudante estivese disconforme coa puntuación conferida pode solicita-la revisión das probas a través do centro, segundo o procedemento que estableza o Regulamento de exames, que en todo caso garantirá a axilidade na tramitación e as posibilidades de recorrer os acordos ou resolucións que se dicten”.

Asúmese por asentimento.

- Emenda ( Sr. Gómez Durán)

O Sr. Gómez Durán defende a inclusión dun apartado nº 3 neste artigo para defender os dereitos dos estudantes.

O Rector propón buscar unha redacción máis adecuada.

Propónse a seguinte redacción para un novo apartado 102.3: “A Universidade investigará de oficio, segundo as normas e procedementos que estableza o Regulamento de exames, a reiteración de resultados manifestamente negativos na cualificación dunha materia”.

Acéptase por asentimento.

#### **Artigo 104.1**

- Emenda ( Sr. Barral Puga). Acéptase por asentimento

#### **Artigo 107**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez). Retírase a emenda.

#### **Artigo 108 bis**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez)

Defende a Sra. Palanca sinalando que se trata de evitar que os bolseiros estean a realizar tarefas que son do PAS como está a pasar na ORI, OFOE, etc.

O Rector mantén o texto:

Votación:

- votos a favor do texto	66
- votos a favor da emenda	22
- votos en branco	5

Rexeitase a emenda.

**Artigo 109**

- Emenda ( Sr. Gómez Durán)

O Sr. Gómez Durán defende que os PAS funcionarios non estean sometidos as disposicións da Xunta de Galicia xa que temos unha Autonomía Universitaria.

O Rector di que o que figura no texto e exactamente o que di o artigo 73.3 da LOU polo que propón manter o texto.

Votación:

- votos a favor do texto	70
- votos a favor da emenda	14
- votos en branco	19

Rexeitase a emenda.

**Artigo 110**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez). Retírase a emenda.

**Artigo 111**

- Emenda (Sr. Torres Vázquez)

A Sra. Palanca di que se trata de dar a oportunidade da oposición a persoal que está con un contrato eventual e non utilizar persoal a cargo de programas específicos, como por exemplo o programa Labora, para realizar traballos do PAS.

O Rector propón manter o texto.

Votación:

- votos a favor do texto	84
- votos a favor da emenda	19
- votos en branco	8

Rexeitase a emenda.

**Artigo 113**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez )

A Sra. Palanca defende a inclusión neste artigo dunha serie de dereitos do PAS relacionados coa formación permanente, programas e accións de carácter social, etc.

O Rector di que o texto recolle moitos deses dereitos.

Votación:

- Votos a favor do texto	77
- Votos a favor da emenda	25
- Votos en branco	11

Rexeitase a emenda.

#### **Artigo 114**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez). Retírase a emenda.

#### **Artigo 115**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez).  
Retírase a emenda.

#### **Artigo 116**

- Emenda (Sr. Torres Vázquez)

- Emenda ( Sr. Gómez Durán)

As dúas emendas coinciden. Defende o Sr. Gómez Durán sinalando que, o igual que nos anteriores estatutos, queren que a RPT figure no texto.

Votación:

- votos a favor do texto	72
- votos afavor da emenda	21
- votos en branco	10

Rexeitase a emenda.

- Emenda ( Sr. Pérez Gómez)

O Rector di que esta emenda mellora o texto e propón que se asuma como emenda técnica.

Asúmese por asentimento.

#### **Artigo 177**

Retíranse as dúas emendas presentadas polo Sr. Torres Vazquez.

#### **Artigo 118**

Emenda ( Sr. Torres Vázquez). Retírase a emenda.

#### **Artigo 119**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez )

O Rector propón unha transación. Finalmente o texto da transación coincide co texto da emenda.

Acéptase por asentimento.

- Emenda de inclusión dun artigo ( Sr. Torres Vázquez). Retírase a emenda.

### **Artigo 128**

- Emenda (Sr. Barral Puga). Asímesse por asentimento.

### **Artigo 129**

- Emenda ( profesora Vera Isasa)

A profesora Vera Isasa di que este artigo debería incluírse nos correspondentes Regulamentos, así por exemplo os apartados 2 e 3 corresponderían o Regulamento de Estudiantes.

O Rector está de acordo con que isto terá unha vixencia relativa xa que no momento da incorporación no sistema universitario europeo haberá que modificar este artigo e moitos máis polo que propón manter o texto.

Votación:

- votos a favor do texto	66
- votos a favor da emenda	25
- votos en branco	5

### **Artigo 133**

- Emenda ( Sr. Gomez Durán)

O Sr. Gómez Durán propón eliminar a palabra “Centro” do texto.

O Rector asume esa formulación.

Apróbase a transacción por asentimento.

### **Artigo 138**

- Emenda ( profesora Vera Isasa ). Apróbase por asentimento.

### **Artigo 139**

- Emenda ( profesor Mato). Acéptase por asentimento.

### **Artigo 140**

- Emenda ( profesora Vera Isasa). Acéptase por asentimento.

### **Artigo 141**

- Emenda ( profesor Mato)

O profesor Mato propón unha transacción entre a súa emenda e a segunda parte da emenda da Sra. Martín Míguez.

A transación consiste en engadir ó texto da emenda do profesor Mato, o seguinte:

“ Ademais, garantirá a existencia dun Rexistro Xeral de investigadores en formación e perfeccionamento, a inclusión neste rexistro implicará a protección mediante un seguro de accidentes”.

Apróbase a transación por asentimento.

#### **Artigo 142**

- Emenda ( Sr. Barral Puga). Acéptase por asentimento.

#### **Artigo 145**

- Emenda ( Sr. Barral Puga). Retírase a emenda.

- Emenda (Sr. Gómez Durán)

O Sr. Gómez Durán defende que a composición para os tres sectores: PDI, Estudiantes e PAS, sexa paritaria.

- Emenda ( Sr. Pérez Gómez)

O Sr. Pérez Gómez defende a composición que figuraba nos anteriores estatutos e cre que un menor número de membros aumenta a súa operatividade.

O Rector defende a composición paritaria entre os 4 sectores que compoñen o Claustro e mantén o texto.

Propón votar as dúas emendas xuntas, xa que coinciden, fronte o texto.

Votación:

Votos a favor do texto	74
Votos a favor da emenda	31
Votos en branco	6

Rexeitanse ambas emendas.

#### **Artigo 149**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez). Retírase a emenda

#### **Artigos 152,162,163 e 164**

- Emendas ( profesor Mato)

O profesor Mazaira defende as catro emendas presentadas a estes artigos sinalando que todas se poden considerar emendas técnicas que melloran o texto e pretenden facer máis áxil a administración universitaria.

Acéptanse por asentimento.

**Disposición adicional primeira**

- Emenda ( profesor Rodríguez Fuentes)

O emendante solicita recuperar como ámbito diferenciado o de Ciencias da Saúde tal e como estaba nos anteriores estatutos.

O Rector propón manter o texto porque recolle mellor a realidade.

Votación:

- votos a favor do texto	74
- votos a favor da emenda	35
- votos en branco	5

Rexeitase a emenda.

**Disposición adicional terceira-bis**

- Emenda ( Sr. Torres Vázquez ). Retírase a emenda.

**Disposición adicional cuarta**

- Emenda (Sr. Gómez Durán)

O Sr. Gómez Durán propón a inclusión dunha disposición que faga referencia ó persoal laboral.

Votación:

- votos a favor do texto	77
- votos a favor da emenda	18
- votos en branco	17

Rexeitase a emenda

**Disposición adicional quinta**

- Emenda ( Sr. Gómez Durán)

Votación:

- votos a favor do texto	94
- votos a favor da emenda	11
- votos en branco	6
- votos nulos	1

Rexeitase a emenda.

**Transitoria primeira**

- Emenda ( Sr. Barral Puga). Acéptase por asentimento.
- Emenda ( profesor Mato). Acéptase por asentimento.

### **Transitoria segunda**

- Emenda ( Sr. Barral Puga)

O Sr. González Novas defende modificar o punto 2 xa que no artigo 37 foi aceptada unha emenda que implica un cambio na composición dos 20 membros do Consello de goberno elixidos polo Claustro.

O Rector acepta a substitución do apartado 2 do texto pola emenda.

Votación:

- votos a favor do texto modificado	78
- votos en contra	6
- votos en branco	4
- votos nulos	5

Apróbase o texto coa modificación sinalada.

### **Transitoria terceira**

- Emenda ( profesor Rodeiro)

Defende o profesor Rodeiro a inclusión dun apartado para que o persoal docente en formación teña unha posibilidade de conseguir unha estabilidade, igual que figuraba nos anteriores estatutos.

- Emenda ( profesor Mato)

Propón, por unha parte, unha modificación dos apartados 1 e 2 para que non queden dúbidas respecto a garantía da carreira docente dos profesores propios e para clarificar as intencións con respecto o PDI con dedicación a tempo completo.

Así mesmo propón engadir un novo apartado para que todo o persoal afectado por esta transitoria non teña perda salarial nin das tarefas docentes e investigadoras.

O Rector asume a emenda do profesor Mato e propón realizar en primeiro lugar a votación destas dúas emendas fronte o texto e, a continuación, tratar a emenda asinada polo Sr. Gómez Durán, xa que non colisiona con estas.

- Votos a favor do texto	0
- Votos a favor da emenda do profesor Rodeiro	37
- Votos a favor da emenda do profesor Mato	82
- Votos en branco	4

Apróbase a emenda asinada polo profesor Mato.

- Emenda ( Sr. Gómez Durán)

O Sr. Gómez Durán defende que o PAS teña a posibilidade de promoción igual que o PDI .

O Rector mantén o texto aprobado na votación anterior.



Votación:

- Votos a favor do texto	64
- Votos a favor da emenda	30
- Votos en branco	7

### **Transitoria 5ª**

- Emenda ( profesora Vera Isasa)

O Rector propón a seguinte transacción:

“A Universidade requirirá da Xunta de Galicia o establecemento de criterios de avaliación dos méritos docentes, investigadores e de xestión que permitan a asignación, coa máxima retroactividade posible, das correspondentes retribucións do seu persoal docente e investigador”.

Acéptase por asentimento.

Rematado o debate das emendas, e aínda que quedan por redactar algunhas transaccións, un grupo de claustrais solicita realizar a votación final dos Estatutos nesta sesión ( punto 2 da orde do día)

Ante a diferenza de opinións, realizase unha consulta os claustrais sobre a data da votación final co seguinte resultado:

- Votos a favor de votar hoxe	56
- Votos a favor de votar o xoves día 10	33
- Votos a favor de votar o venres día 11	14
- Votos en branco	3

Nembargantes, ante a imposibilidade de redactar as transaccións nun período de tempo razoablemente curto, e ante a solicitude presentada por un grupo de claustrais ( anexo I ) de dispor do texto modificado coas emendas aceptadas antes de realizar a votación final, o Presidente do Claustro propón suspender a sesión e continuar ás 10:00 horas do día seguinte para votar as transaccións e a continuación realizar a votación final ( punto 2 da orde do día).

Remata a sesión ás 20:45 horas.

Reanúdase a sesión as 10:30 horas do xoves, día 10 de abril de 2003.

O Rector informa que está a disposición dos claustrais un documento que recolle os acordos acadados o día anterior así como o texto das transaccións que quedaran pendentes e co que están de acordo os implicados.

Fai referencia á situación orixinada o final da sesión do día anterior na que, aínda que unha maioría apoiara realizar a votación nese día, el como presidente do Claustro, e ante a solicitude dun grupo de claustrais de dispor do documento que ían a votar, decidiu suspender a mesma e continuar o día seguinte.

Recoñece que é prerrogativa do Presidente suspender a sesión, pero que a Mesa ten que ser consultada sobre cando se debe reanudar a mesma. Informa que reunida a Mesa antes da reanudación desta sesión, acordou por maioría continuar a sesión no día de hoxe.

Intervén o profesor Legido, como membro da mesa, para manifestar a súa protesta sobre a decisión do Presidente de convocar para o día de hoxe a continuación da sesión sin consultar coa Mesa. Así mesmo di que o que se vai a votar hoxe son os acordos acadados na sesión do día anterior e non o documento presentado xa que pode ter erros.

Hai varias solicitudes de palabra por cuestión de orde, polo que se abre un turno de intervencións.

O profesor Tojo di que o colectivo de Nova Universidade quería votar o día anterior e que o debate que tivo lugar non foi un debate do Claustro senón que foi un debate do Rector cos emendantes. Anuncia que o colectivo Nova Universidade hoxe non vai a participar na votación e pide o Rector que de agora en adiante cumpla os acordos do Claustro.

O Sr. Pérez Gómez cre que o día de onte non se podía realizar a votación final dos estatutos e opina que non foi correcto realizar a consulta ó claustro sobre a data da votación.

A profesora León Fong di que na sesión do día anterior púxose de manifesto o desprecio do Rector coas decisións votadas polos claustrais e que para unha minoría de claustrais estes Estatutos non son os estatutos da Universidade senón que son os Estatutos do Rector.

O profesor Durany explica o dereito que teñen os claustrais a dispor do documento que se vai a votar, di que si el fora un membro da oposición e non presentara emendas era porque consideraba que estes estatutos eran de todos.

O profesor Corbacho opina que o Sr. Rector non debeu de facer caso a esa minoría de Claustrais que solicitaron ter o documento antes da votación, e si facer caso do resultado da decisión da maioría sobre a data da votación, aínda que desculpa un pouco esa decisión debido ó cansancio. Di que se perdeu unha oportunidade de obter un consenso do Claustro para elaborar estes estatutos.

O Sr. Cebro di que el esperaba estar aínda discutindo emendas e que a votación fose o venres. Considera que isto é un escandalo e felicita o alumnado pola súa participación no mesmo.

O profesor Mazaira di que a aprobación dos Estatutos non é un tema menor, cre que todos os claustrais que estiveron onte facendo o esforzo de transacionar emendas tiñan dereito a votar os Estatutos e a última hora moitos xa non estaban. Di que os votos dirán cantos apoios teñen estes Estatutos, e espera que en canto se aproben sexan os Estatutos da Universidade de Vigo.

A Sra. Corbacho di que onte había tamén claustrais de Alternativa Universitaria que querían votar e pídelle o Sr. Rector que xa que non respecta a oposición que respecte ós seus claustrais.

Rematadas as intervencións o Rector invita ó Claustro a continuar coa sesión. Informa do acordo da Mesa de se algún claustral, en representación dalgún grupo, quere manifestar a súa opinión sobre o que se vai a votar daráselle un turno de palabra antes de realizar a

votación. Informa que hai presentada unha moción asinada por un grupo de claustrais a favor da paz da que da lectura ( anexo II ) e solicita a súa aprobación por asentimento.

Apróbase por asentimento.

Intervén o profesor Mato para indicar que en relación ás transaccións que quedaran pendentes, xa se alcanzou o acordo entre as partes e figuran no documento entregado o comezo da sesión. Di que as emendas incorporadas enriquecen o anteproxecto e moitas das non incorporadas serán recollidas nos regulamentos que se elaborarán con posterioridade. Considera que todos debemos felicitarlos e como membro de Alternativa Universitaria pide o voto para este proxecto.

O profesor Rodeiro di que a Universidade debería dar exemplo no xeito de facer as cousas, asume que o Rector ten a representatividade que a comunidade universitaria lle deu e di que os estatutos que salgan deste claustro serán os estatutos de todos. Pide seguir o antes posible coa vida universitaria normal. Cre que hai uns obxectivos que deben ser comunes para todos independentemente da fracción a que se pertenezca.

O profesor Barreiro di que vai a votar en contra do proxecto por unha cuestión de conciencia, e lamenta que o sector máis prexudicado por aplicación da LOU fose o sector B.

A continuación o Rector anuncia que a votación terá lugar dende as 11:25 horas ata as 12:00 horas e os termos da mesma serán:

SI : a favor do proxecto  
NON: en contra do proxecto

O resultado da votación foi o seguinte:

- Votos a favor do proxecto de Estatutos	116
- Votos en contra do proxecto de Estatutos	13
- Votos en branco	3
- Votos nulos	2

Quedan aprobados os Estatutos da Universidade de Vigo ( anexo III).

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:15 horas do día 10 de abril de 2003, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co Vº e Pr. Do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Mª Teresa Iglesias Randulfe